

PLAN DE CONVIVENCIA

O presente plan de convivencia do Conservatorio Profesional de Música de Carballo foi aprobado polo consello escolar do centro na reunión ordinaria celebrada o día 13 de setembro do 2017

1. Xustificación

Tradicionalmente o alumnado dos conservatorios acude aos mesmos para cursar uns estudos con un marcado carácter vocacional, probablemente, por este motivo, non é habitual que sexamos testemuñas de conflitos ou problemas na conduta do alumnado que afecte á convivencia. As transformacións sufridas pola sociedade nos últimos tempos van parellas á conseguinte alteración no perfil do alumnado, producíndose situacións ás que non estábamos afeitos. Con este documento, preténdese proporcionar o ambiente de convivencia básico para unha excelente formación do noso alumnado, ademais de establecerse como orientación para actuar nos casos que perturben a mesma.

2. Observatorio da Convivencia

É competencia do Consello Escolar do Centro velar polo correcto exercicio dos dereitos e cumprimento de deberes do alumnado e garantir a súa efectividade. A este órgano de goberno correspóndelle, garantir que as normas de convivencia se elaboren coa efectiva participación de todos os sectores da comunidade educativa, e que ditas normas se adecúen á realidade do Centro educativo. Correspóndelle, igualmente, resolver conflitos e impoñer medidas correctivas en materia de disciplina dos discentes, en caso de posibles situacións ou feitos conflictivos que non foran resoltos satisfactoriamente por procedementos previos. As correccións impostas terán que ter, en calquera caso, finalidade e carácter eminentemente educativo. Para unha maior eficacia no cumprimento dos seus cometidos e funcións naquela materia, no seo do Consello Escolar constituirase a *Comisión de Convivencia*. Formarán parte dela, cando menos, a Dirección, a Xefatura de Estudos, un/unha profesor/a, un/unha pai/nai e un/unha alumno/a e poderá actuar presidida pola Xefatura de Estudos por delegación aos efectos da Dirección do Centro. Os compoñentes da Comisión serán elixidos de entre os membros do Consello Escolar polos respectivos sectores da Comunidade Educativa.

Serán as súas funcións:

- Promover que as actuacións que favorezan a convivencia no Centro.
- Fomentar o respecto mutuo, a tolerancia e o exercicio efectivo dos dereitos e cumprimento dos deberes.
- Impulsar o coñecemento e a observación das normas.

-Mediar e resolver posibles conflitos dacordo coas normas e pautas de actuación establecidas.

-Avaliar periodicamente a situación de convivencia no Centro e resultados de aplicación das súas normas.

-Informar das ditas normas ao Consello Escolar e prestarlle asidua asistencia en materia de convivencia con especial colaboración na elaboración do informe anual que se debe incluír na memoria final de curso sobre o funcionamento do Centro.

2.1 Protocolo para as actuacións en materia de disciplina

Nos casos de **faltas leves** o procedemento será o seguinte:

- Comunicación, por parte do profesor/a coñecedor/a dos feitos, á Xefatura de Estudos.

-Valoración por parte desta e adopción das primeiras medidas (amoestación privada ou por escrito ao alumnado).

No caso de requirir medidas maiores:

- Informe da Xefatura de Estudos a Dirección.

- Citación co/a alumno/a.

- Reunión co/a alumno/a nas que se escoitará aos interesados/as. En dita reunión estarán presentes o/a director/a e o/a secretario/a, quen levantará acta da sesión.

- Adopción de medidas por parte da Dirección.

- Información inmediata e comunicación escrita das medidas adoptadas aos interesados dando conta da posibilidade de reclamación.

- Articulación, cando a gravidade da falta así o requira, por parte da Comisión de Convivencia do procedemento seguindo os pasos aquí establecidos a instancias da Dirección ou da Xefatura de Estudos, por delegación desta.

2.2 Actuación da Comisión de Convivencia

- A corrección das faltas graves poderase determinar pola Comisión de Convivencia do Consello Escolar, previo acordo co/a alumno/a.
- A tal efecto, no prazo de cinco días lectivos dende que se tivo coñecemento dos feitos, reunirse a Comisión de Convivencia, en sesión previamente convocada. Nela darase audiencia, cando menos, ao profesor/a titor/a do/a alumno/a, ao/a alumno/a. Oídas todas as partes, formularase proposta de resolución no marco do establecido nas presentes normas.
- Se existise acordo do/a alumno/a deixarase constancia do mesmo nun documento que fixará os termos do acordo acadado, contendo en todo caso os feitos ou condutas imputadas, a corrección que se lle impón, a aceptación expresa da mesma polo/a alumno/a. Dito documento quedará asinado polos membros da Comisión de Convivencia.
- De non producirse acordo co/a alumno/a procederase a incoar o correspondente expediente.
- O/A director/a do Centro comunicará ao Consello Escolar o tratado na sesión da Comisión de Convivencia a que se refiren os apartados anteriores, así como se houbese, o acordo que se acadase, para a tramitación que proceda.
- As faltas graves nas que a corrección non poida resolverse mediante o exposto nestes parágrafos requirirá a instrución dun expediente. Recollida a necesaria información, o/a Director/a do Centro incoará o expediente, ben por iniciativa propia, ben a proposta do Consello Escolar do Centro.

2.2.1 Designación e recusación do/a instrutor/a e medidas provisionais

- A Dirección designará un/unha profesor/a do Centro non pertencente ao Consello Escolar para levar a cabo a instrución do expediente e comunicará a incoación do mesmo ao/a alumno/a.
- Cando na conduta ou manifestación do instrutor poida inferirse falta de obxectividade, o alumno/a poderá recusalo diante a Dirección do Centro, que resolverá segundo proceda.
- A Dirección, por decisión propia ou a proposta do instrutor/a, poderá impoñer a suspensión de asistencia ao Centro, ou a determinadas

actividades ou clases, por un período non superior a unha semana.

- A medida provisional a que se refire o apartado anterior comunicárase puntualmente ao Consello Escolar, que poderá revocala de maneira razoada.

2.2.2 Instrución do expediente

- O expediente incoarase nun prazo non superior a cinco días dende que se tivo coñecemento dos feitos ou condutas que se pretenden corrixir, ou no prazo de dous días dende que se celebrou a reunión da Comisión de Convivencia.

- O/a instrutor/a, dende o momento en que se lle notifique o seu nomeamento, iniciará as actuacións conducentes ao esclarecemento dos feitos, entre elas a toma de declaración de aquelas persoas que poidesen aportar datos de interese ao expediente.

- Nun prazo non superior a sete días dende que se comunique a incoación do expediente, o/a instrutor/a notificará ao/a alumno/a o prego de cargos no que se exporán con precisión e claridade os feitos imputados, dándolle un prazo de dous días para alegar canto estimen oportuno.

- Concluída a instrución do expediente, o instrutor formulará proposta de Resolución que deberá conter os feitos ou condutas que se imputan ao/a alumna/a, a cualificación dos mesmos, as circunstancias paliativas ou agravantes se as houberse, e a medida correctiva que se propón.

- Acompañado do/a director/a e do/a profesor/a titor/a, o/a instrutor/a dará audiencia ao alumno/a para comunicarlle a proposta de resolución e o prazo de dous días de que dispón para alegar canto estime oportuno na súa defensa.

- Transcorrido o prazo de alegacións, elevarase ao Consello Escolar o expediente completo que incluírá necesariamente a proposta de resolución e todas as alegacións que se tivesen formulado.

- Os prazos que se conteñen no presente artigo entenderanse referidos a días lectivos.

- Finalmente, daráselle debida comunicación ao Servizo Territorial de Inspección Educativa do inicio do procedemento, e manteráselle informado da tramitación.

2.2.3 Resolución do expediente, recursos e reclamacións

- A resolución do procedemento non deberá exceder o prazo máximo dun mes dende a data de inicio do mesmo.
- En caso de proposta de expulsión, ou doutra proposta de sanción, a resolución que o Consello Escolar dite comunicarase ao/a alumno/a. A mesma deberá estar suficientemente motivada, e conterá os feitos ou condutas que se imputa ao alumno/a; as circunstancias agravantes ou paliativas, se as houbese; os fundamentos xurídicos en que se basea a sanción imposta; o contido da medida correctiva e data de efecto da mesma; é o órgano ante o que cabe interpoñer recurso e prazo do mesmo.
- A resolución do Consello Escolar dos Centros públicos poderá ser obxecto de recurso. Deberá interpoñerse ante a Concellería de Educación do Concello de Carballo polo/a alumno/a no prazo dun mes, e a súa resolución porá fin á vía administrativa.

De ser menor de idade o/a alumno/a ao que afecten os procedementos antes ditos, os procedementos e as resolucións que lles atinxan, deberán ser comunicadas aos seus pais, nais ou titores legais.

3. Valoración da situación actual

3.1 Avaliación de necesidades

No primeiro ano da posta en marcha do Observatorio e do Plan de Convivencia, ten unha especial importancia a avaliación da situación actual e das necesidades do Centro.

Para a devandita avaliación recollerase información dos distintos puntos de vista da comunidade educativa, para o cal se empregará:

- Enquisa a profesorado, alumnado e persoal non docente.
- Análise dos distintos documentos nos que se notifiquen ou comenten situacións relacionadas con este particular, (actas de Claustro, de Consello Escolar ou CCP, comunicacións persoais do profesorado, alumnado ou calquera outro membro da comunidade escolar).
- Actividades informativas, programadas igualmente para todos os membros da comunidade escolar. Correspóndelle ao Observatorio de Convivencia Escolar a análise e a valoración da información obtida, para a elaboración do Plan de Convivencia. Nos instrumentos de avaliación contemplaranse ítems sobre as necesidades, pero tamén posibles causas, implicacións na vida escolar e alternativas para mellorar a convivencia nos Centros educativos e no seu contorno.

3.2 Fins e principios do Plan de Convivencia

3.2.1 Fins e principios informadores das normas sobre convivencia nos Centros docentes

As normas sobre convivencia nos Centros docentes establecidas na Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar e no Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro polo que se desenvolve dita Lei, oriéntanse aos seguintes fins, que informarán a súa interpretación e aplicación:

- A garantía dun ambiente educativo de respecto mutuo que faga posible o cumprimento dos fins da educación e que permita facer efectivo o dereito e o deber de aproveitar de xeito óptimo os recursos que a sociedade pon á disposición do alumnado no posto escolar.
- A educación no respecto dos dereitos e liberdades fundamentais, na igualdade de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres e na igualdade de trato e non discriminación das persoas.
- A prevención e o tratamento das situacións de acoso escolar mediante medidas eficaces.
- O recoñecemento ao profesorado, en especial aos membros dos equipos directivos dos Centros docentes, das facultades precisas para previr e corrixir as condutas contrarias á convivencia, así como da protección xurídica adecuada ás súas funcións.
- A corresponsabilidade dos pais e nais ou dos titores ou titoras no mantemento da convivencia nos Centros docentes, como un dos principais deberes que lles corresponden en relación coa educación dos seus fillos ou fillas ou pupilos ou pupilas.
- Promover a resolución pacífica dos conflitos e fomentar valores, actitudes e prácticas que permitan mellorar o grao de aceptación e cumprimento das normas, avanzar no respecto entre todos os membros da comunidade educativa e a mellora da convivencia escolar.
- Avanzar no respecto entre todos os membros da comunidade educativa e na mellora da convivencia escolar.
- A promoción da sensibilización dos distintos sectores que interveñen na educación sobre a importancia da convivencia como parte fundamental para o desenvolvemento persoal e social do alumnado.

4. Obxectivos do Plan de Convivencia

4.1 Obxectivos relativos á regulación da convivencia no Centro

Conseguir que o alumnado aprenda e practique no comportamento que se agarda que acade, como cidadán libre, responsable e solidario ao fin da súa escolarización. Neste senso, pretendese que os alumnos/as:

- Aprendan valores e comportamentos pro-sociais dende o currículo e as relacións de ensino e aprendizaxe.
- Practiquen condutas solidarias con outros, cooperen e colaboren cos compañeiros/as e outros membros da comunidade escolar.
- Teñan a oportunidade de participar de modo responsable na vida do Centro.
- Acaden a resolución educativa dos conflitos e a intervención eficaz nos problemas de convivencia escolar.
 - (Trátase de axudar a “levarnos ben” resolvendo os nosos conflitos dun xeito formativo nun entorno seguro de relación.)

4.2 Obxectivos referidos á prevención de conflitos

- Acadar a implicación de todos os membros da comunidade escolar no proceso de discusión, fixación, difusión e apropiación de normas de convivencia.
- Ter sempre actualizada a información sobre o alumnado que permita prever, detectar e anticiparse a posibles problemas de convivencia.
- Propiciar un clima de relacións que permita vivir e interiorizar os alores que propician unha boa convivencia.
- Fomentar o aprendizaxe e a práctica de comportamentos cívicos, habilidades sociais, educación en valores, educación emocional, etc.

4.3 Obxectivos referidos a mellorar as condicións de ensino e aprendizaxe

- Favorecer o aprendizaxe e a integración escolar de todo o alumnado.

(Entendemos que satisfacendo as necesidades educativas do noso alumnado poderemos desenvolver no mesmo un sentimento de vinculación e pertenza á comunidade escolar que lles permita interiorizar as normas, actitudes e valores do proxecto educativo. Así pois, preténdese acadar un entorno educativo que facilite o “éxito educativo”, e dicir, que propicie que o alumnado aprenda e se sinta integrado no Centro).

4.4 Obxectivos para acadar a participación, implicación e colaboración de toda a Comunidade Educativa

- Propiciar a participación e a colaboración da comunidade educativa na educación e na construción dun Centro verdadeiramente integrador para todos. Trátase de que:
 - O Centro resulte educativo para todas e todos e as súas prácticas sirvan de referencia para as prácticas sociais e individuais.
 - A comunidade educativa colabore no mantemento y desenvolvemento destas prácticas.

4.5 Obxectivos relacionados coa intervención ante problemas graves de convivencia e acoso escolar

- Artellar procedementos e protocolos de actuación específicos ante problemas graves de convivencia que vulneren os dereitos dos membros da comunidade.

5. Directrices básicas de convivencia

5.1 Comportamento no Centro

Para crear un ambiente educativo adecuado no cal o respecto ao estudo (deber básico do alumnado) e a dignidade das persoas estean presentes, debemos participar e colaborar activamente, xunto co resto dos membros da comunidade educativa, co propósito de favorecer o mellor desenvolvemento da ensinanza e da convivencia no Centro.

5.2 Asistencia e puntualidade ás clases

- Asistir a clase e participar nas actividades orientadas ao desenvolvemento dos plans de estudo.
- Respetar os horarios para o desenvolvemento das actividades do Centro.
- Acudir puntualmente en todos os actos programados polo Centro.
- Rehusar o abandono da aula, salvo causa de forza maior, durante o período lectivo correspondente.
- Agardar á entrada no aula sen molestar ao alumnado que nese intre está dentro da mesma.

5.3 Comportamento na aula

- Atender en todo momento ás explicacións e indicacións do profesorado.
- Pedir previamente a palabra para poder intervir e respectar a quenda de palabra dos demais.
- Evitar interromper o desenvolvemento normal da clase con conversacións, ruídos ou calquera outro acto que poida ser considerado como molestia da mesma.
- Manter unha actitude de traballo tendo preparada a materia, prestando atención ao profesorado en silencio e realizando as tarefas que este considere mais convintes en cada momento.

5.4 Comportamento en relación a calquera persoa da comunidade educativa

- Respetar a autoridade do profesorado, tanto dentro da aula como no resto do Centro.
- Respetar a liberdade de conciencia e as conviccións relixiosas, así como a dignidade, integridade e intimidade de todos os membros da Comunidade Educativa.
- Respetar aos conserxes e ao resto do persoal da administración e servizos e atender, en todo momento as súas indicacións.

5.5 Comportamento en relación aos compañeiros/as

- Respetar o exercicio de dereito ao estudo dos seus compañeiros/as.
- Manter un trato correcto cara os compañeiros e compañeiras, non permitíndose, en ningún caso, o exercicio da violencia física ou verbal.

5.6 Comportamento en relación ao material e as instalacións

- Respetar e utilizar correctamente os bens mobles, instrumentais e as instalacións do Centro.
- Velar pola limpeza da aula, do mobiliario e do material común, facendo un uso correcto de todo o material dispoñible.
- Respetar o material alleo, evitando non tocalo e non utilizalo en beneficio propio, sen o oportuno permiso.
- Respetar a disposición das mesas e os lugares asignados polo Centro, ou polo profesorado, cando se utilice unha aula específica ou en caso de que a tarefa encomendada así o requira.

6. Actuacións do plan de convivencia

As actuacións enmarcadas neste plan están organizadas nos seguintes epígrafes:

1. Intervencións sobre o Centro como espazo físico e na súa organización.
2. Intervencións dende os diferentes órganos de xestión e coordinación do Centro: Equipo Directivo e Departamentos.
3. Intervencións para introducir melloras dirixidas ao profesorado.
4. Intervencións para introducir melloras dirixidas ao alumnado.
5. Intervencións dirixidas ás familias.
6. Actuacións para contribuír a unha óptima coordinación co entorno e as súas institucións.

6.1 Intervencións sobre o Centro como espazo físico e na súa organización

OBXECTIVOS PRETENDIDOS	ACCIÓNS A REALIZAR
- Avaliar de forma permanente as necesidades de convivencia e introducir no Centro as modificacións oportunas que faciliten a mesma.	- O Equipo Directivo e a Comisión de Convivencia poderán realizar unha avaliación para elaborar unhas directrices que se axeiten as modificacións xurdidas.
- Unificar e clarificar todos os protocolos e normas de control e vixilancia sobre o alumnado.	- O Equipo Directivo e a Comisión de Convivencia promoverán o uso sistemático dos protocolos e normas do Centro entre o profesorado.
- Favorecer o desenvolvemento do sentido de Centro, cohesionado e que traballe de forma conxunta e coordinada polos obxectivos que o Centro se propoña ano tras ano.	- Cada un dos órganos do Centro sistematizará os procesos de toma de acordos ao inicio de curso, promocionando un modelo de: definición de fins – actuación – avaliación e revisión continuada. - Incluir todos os anos na Programación Xeral Anual obxectivos de mellora da convivencia e de organización e infraestrutura do Centro. - Reunir inicialmente ao profesorado para explicar os acordos sobre convivencia e os obxectivos do Centro para o ano en curso. - Incluir nas reunións de CCP un punto obrigatorio de valoración e toma de acordos sobre convivencia.
- Crear un bo clima de convivencia dende o comezo do curso.	- Establecer o mes de setembro como mes de “tolerancia cero con accións que conleven unha ameaza para a convivencia”
- Difundir a información promover unha actitude de colaboración co Centro entre o alumnado.	- Xeneralizar o uso do taboleiros de alumnado.

6.2 Intervencións dende os diferentes órganos de xestión e coordinación do Centro

Equipo Directivo e Departamentos

OBXECTIVOS PRETENDIDOS	ACCIÓNS A REALIZAR
- Incrementar as vías de comunicación e participación nos diferentes órganos do Centro.	- Mellorar a información dos acordos e tomas de decisión dos diferentes órganos de goberno e coordinación do Centro: calendario con temas a tratar, convocatorias e actas na Web
- Outorgar prioridade aos aspectos de coordinación, colaboración entre o profesorado	- Elaborar ao inicio do curso un Plan Anual que recolla os obxectivos, procesos e sistema de avaliación para cada un dos órganos do Centro.
- Asegurar un entendemento e compromiso mínimo no desenvolvemento da liña educativa do Centro.	- Realizar accións informativas para o profesorado promovidas dende o Equipo Directivo. - Optimizar a web.
- Promover o Plan de Convivencia que se deseñe para que o seu desenvolvemento contribúa a mellorar os niveis de comunicación, coordinación e colaboración entre o profesorado.	- Desenvolver os acordos recollidos no Plan de Convivencia por parte da Comisión de Convivencia.
- Contribuír dende o plan de acción tutorial a mellora da convivencia.	- Incluír no PAT actividades de mellora da convivencia. - Incrementar a atención que se presta a tutoría. - Realizar programas (voluntarios) de elaboración de normas, de participación do alumnado na xestión da aula. - Participar nas actividades que promova a Comisión de Convivencia e que vaian dirixidas ao alumnado.

6.3 Intervencións para introducir melloras dirixidas ao profesorado

OBXECTIVOS PRETENDIDOS	ACCIÓNS A REALIZAR
- Mellorar as capacidades de control sobre a súa clase de todo o profesorado.	- Organizar actividades formativas e de reflexión.
- Promover entre todo o profesorado unha actitude de participación na convivencia do Centro.	- Organizar unhas actividades de acollida ao inicio do curso para o novo alumnado.

6.4 Intervencións para introducir melloras dirixidas ao alumnado

OBXECTIVOS PRETENDIDOS	ACCIÓNS A REALIZAR
- Mellorar o proceso de control do absentismo con medidas de control, organizativas e curriculares.	- Mellorar os mecanismos de control que permitan comprobar que os pais están enterados das faltas dos seus fillos.
- Revisar os deseños curriculares do Centro para axustalos ás características do noso alumnado.	- Revisar permanente os documentos do Centro.
- Programar actividades de prevención a incluír no Plan de Acción Educativa.	- Realizar actividades de titoría en grupo e individual.
- Promover a adquisición de valores de convivencia entre o alumnado.	- Introducir nos programas curriculares os temas transversais adecuados: Os dereitos humanos, valores de tolerancia e respecto intercultural.
- Promover os valores da interculturalidade no Conservatorio.	- Realizar actividades para vivir e compartir os valores de todas as culturas.

7. Condutas contrarias ás normas

7.1 Faltas leves

1. Comportamento inadecuado durante o desenvolvemento da actividade lectiva.
2. Faltas inxustificadas e reiteradas de puntualidade e asistencia a clase segundo o establecido pola CCP e o Consello Escolar do Centro, que o trocará en falta grave.
3. Deterioro non grave, causado intencionadamente nas dependencias do Centro ou de materiais deste, así como de obxectos ou pertenzas de calquera membro da comunidade educativa.
4. Asistencia ao Centro de forma contraria ás normas de hixiene establecidas nas Normas de Organización e Funcionamento (NOF).
5. Agresión física ou verbal a outros membros da comunidade educativa; sempre que dita agresión sexa considerara de índole menor.

7.2 Faltas graves

1. Actos de indisciplina, inxuria ou ofensas contra os membros da comunidade educativa. Cando ditos actos sexan contra o persoal do Centro, serán considerados graves en todos os casos.
2. Agresión física contra os membros da comunidade educativa.
3. Suplantación de personalidade en actos da vida docente e a falsificación ou subtracción de documentos académicos.
4. Actos que perturben gravemente o normal desenvolvemento das actividades do Centro.
5. Perda do dereito á avaliación continua por faltas de asistencia inxustificadas en dúas ou máis materias no trimestre en curso, ou para o total do curso, segundo o establecido pola CCP e o Consello Escolar do Conservatorio.
6. Causa, por uso indebido de danos graves en locais, material ou documentos do Centro, ou en obxectos que pertencen a outros membros da comunidade educativa.
7. Comisión reiterada de polo menos tres faltas leves.
8. O incumprimento das medidas correctoras.
9. A realización de actos ou a introdución no Centro de obxectos e sustancias perigosas ou prexudiciais para a saúde e para a integridade persoal dos membros da comunidade educativa, ou a incitación aos mesmos.

7.3 Medidas correctoras ás faltas leves

- Amoestación verbal ou escrita e, se se considera necesario, comparecencia ante a Xefatura de Estudos ou a Dirección.
 - Responsable da súa adopción: Equipo Directivo e profesorado en xeral.
- Accións encamiñadas a reparar o dano causado en caso de condutas que causen deterioro, ou antihixiénicas, se procede.
 - Responsable: Equipo Directivo e titor/a.

- Realización das tarefas que contribúan á mellora e desenvolvemento das actividades do Centro.

– Responsable: Xefatura de Estudos.

- Suspensión do dereito de asistencia a todas as clases por un prazo máximo dunha semana.

– Responsable: Equipo Directivo e titor/a.

As faltas leves prescribirán no prazo dun mes, contado a partir da data da súa comisión, e excluídos os períodos non lectivos.

As correccións impostas poden ser obxecto de recurso de alzada diante da Concellería de Educación do Concello de Carballo. O prazo para presentar dito recurso será dun mes a partir da recepción da notificación da mesma.

7.4 Medidas correctoras ás faltas graves

1. Realización de tarefas que contribúan á mellora e desenvolvemento das actividades do Centro.

2. Suspensión do dereito de asistencia a clase polo período comprendido entre unha e tres semanas.

- Responsable da adopción das anteriores medidas:

– Comisión de Convivencia, agás no caso de solicitude de traslado, no que será responsable o Consello Escolar.

– Cando a medida correctiva comporte a suspensión do dereito de asistencia a clase, o profesorado responsable da clase obxecto da suspensión informará ao alumno/a das tarefas que deber realizar, co fin de non prexudicar o seu desenvolvemento académico.

– En calquera caso, o alumnado queda obrigado a reparar os danos que cause, ben sexa individual ou colectivamente, de forma non intencionada ou por negligencia, ás instalacións, aos materiais do Centro e ás pertenzas doutros membros da comunidade educativa, ou a facerse cargo do custe económico da súa reparación. Así mesmo, a restituír, no seu caso, o substraído.

- Cando se incorra en condutas tipificadas como agresión física ou moral aos seus compañeiros/as ou demais membros da comunidade educativa, deberase reparar o dano moral causado mediante a presentación de escusas e o recoñecemento da responsabilidade nos actos, ben en público, ben en privado, segundo corresponda pola natureza dos feitos e de acordo co que determine o órgano competente para impoñer a corrección.
- As condutas gravemente prexudiciais para a convivencia no Centro prescribirán no prazo de catro meses, contados a partir da data da súa comisión e excluídos os períodos non lectivos.
- As correccións impostas poden ser obxecto de recurso de alzada na Concellería de Educación do Concello de Carballo. O prazo para presentar o dito recurso será dun mes a partires da súa recepción.

7.5 Circunstancias paliativas e agravantes

Consideraranse circunstancias paliativas:

1. O recoñecemento espontáneo da acción e a presentación de escusas inmediatas.
2. A ausencia de intencionalidade.
3. A reparación espontánea do dano causado.

Consideraranse circunstancias agravantes:

1. A premeditación e a reiteración.
2. A falla de respecto ao profesorado, ao persoal non docente e aos demais membros da comunidade educativa no exercicio das súas funcións.
3. A causa de dano, inxuria ou ofensa aos seus compañeiros/as.
4. As condutas que atenten contra o dereito a non ser discriminado por razón de nacemento, raza, sexo, capacidade económica, conviccións políticas, morais ou relixiosas, así como, por padecer discapacidade física, sensorial ou psíquica, ou por calquera condición persoal ou circunstancia social.

5. Os actos realizados de forma colectiva que atenten contra os dereitos dos demais membros da comunidade educativa.
6. O uso da violencia.
7. A publicidade de condutas contrarias ás normas de convivencia.
8. A incitación a calquera dos actos contemplados nos apartados anteriores 2, 3, 4, 5, 6 e 7.

8. Intervención ante situacións de acoso entre alumnado

8.1 Prevención do acoso

Co fin de previr o acoso no ámbito académico, considerase imprescindible a información e a formación. En colaboración cos órganos competentes en materia de educación e benestar, organizaranse actividades que consistiran en:

1. Realización de campañas de sensibilización do profesorado, do alumnado e demais persoal do Centro contra o acoso.
2. Realización de actividades de formación que axuden a previr este tipo de situacións e preparen a todos aos membros da comunidade educativa para detectalo e reaccionar fronte ao mesmo.

8.2 Identificación de situacións de acoso

A normativa vixente contra o acoso, tipifica de maneira clara as condutas que forman parte do mesmo. Entre estas atópase calquera forma de vexación ou malos tratos continuados no tempo dun alumno ou alumna por outro, outra ou outros, xa sexa de carácter verbal, físico ou psicolóxico, incluído o illamento ou baleiro social, con independencia do lugar onde se produza. Terán a mesma consideración as condutas realizadas a través de medios electrónicos, telemáticos ou tecnolóxicos que teñan causa nunha relación que xurda no ámbito educativo. En relación ao acoso entre outros estamentos do ámbito académico, o mesmo está establecido polo Ministerio de Administracións Públicas na súa normativa ao respecto.

O acoso entre o alumnado pódese manifestar mediante diferentes condutas:

1. Comportamentos de desprezo, difamación e ridiculización.
2. Coaccións.
3. Agresións físicas e/ou verbais.
4. Comportamentos de intimidación e ameaza.
5. Comportamentos de exclusión e marxinação social.
6. Substracións, extorsións, chantaxes e deterioro de pertenzas.
7. Utilización de Internet, redes sociais, mensaxes de móbiles, etc., coa intención de facer dano a través de diferentes procedementos: Envío masivo de correos electrónicos non desexados, difusión de imaxes sen consentimento da interesada ou interesado, etc.

Compre distinguir entre acoso escolar e agresións esporádicas ou outras manifestacións violentas entre alumnado que non garden continuidade no tempo, nin supoñan inferioridade dun dos participantes no suceso. Entenderase que existe una situación de acoso entre estudantes se se dan simultaneamente as tres circunstancias seguintes:

1. Intención de facer dano.
2. Reiteración de condutas agresivas.
3. Desequilibrio de forzas entre acosador/a ou acosadores/as e vítima.

8.3 Comunicación de situacións de acoso

Calquera membro da comunidade educativa (alumnado, profesorado, persoal non docente) que teña coñecemento dunha situación de acoso entre alumnos ou alumnas, ou considere a existencia de indicios razoables, ten a obrigaón de pola inmediatamente en coñecemento do Equipo Directivo do Centro, quen recollerá a información inicial mediante o **(ANEXO I - INDICADORES ESCOLARES SOBRE UN POSIBLE CASO DE ACOSO)**.

O Centro establecerá os medios e procedementos que faciliten a comunicación das situacións de acoso. A tal efecto, porase en funcionamento unha “Caixa de correo da Convivencia” para a recollida de denuncias ou comunicacións. Esta caixa de correo será xestionada pola dirección do centro ou persoa en quen delegue. Ademais, pódense por en marcha outros medios complementarios

como correo electrónico, páxina web do Centro, etc. En todos os casos garantirase o anonimato da identidade da persoa que realiza a comunicación.

Así mesmo, calquera denuncia que sexa falsa ou indique indicios de actuación malintencionada, por calquera dos membros da Comunidade Educativa, pode ser sancionada pola Comisión de Convivencia con medidas correctoras que poden ir dende a falta leve á falta grave.

8.4 Procedemento de intervención ante supostas situacións de acoso

Para valorar a situación denunciada, a Xefatura de Estudos, seguindo as instrucións da Dirección, solicitará ao titor/a do alumno/a afectado/a que recolla información relacionada con esa situación. Para tal efecto poderá utilizar, entre outros e con carácter orientativo, os indicadores que figuran no ([Anexo II- Modelo de informe de acoso](#)).

Así mesmo, poderase engadir calquera outro tipo de información que se considere relevante, sempre coa necesaria confidencialidade. O resultado destas actuacións comunicárase de forma inmediata a Dirección.

En función da información aportada polo titor/a, a Dirección poderá establecer medidas preventivas de protección que garantan a inmediata seguridade do alumno/a supostamente acosado/a. Estas medidas de protección consistirán no incremento da vixilancia naquelas zonas e durante os momentos que sexan susceptibles de producirse o acoso, tamén se poderá realizar, de ser posible, un cambio de grupo.

Si da intervención do titor/a do alumno/a afectado/a se confirmara a existencia de indicios de acoso, e para verificar a situación, a Dirección instará ao titor/a, ou á persoa que designe, para que continúe o procedemento.

A tal efecto manteranse as seguintes entrevistas:

- Co alumno/a presuntamente acosado/a. Ao iniciar a entrevista asegurárase ao alumno/a a confidencialidade das súas informacións. Ao longo desa entrevista darase prioridade á información que permita identificar:
- Alumno/a ou alumnos/as agresores/as.
- Observadores/as non participantes.
- Alumnado que, en ocasións, protexeu e acudiu a vítima.
- Localización de espazos e tempos nos que se produciu a agresión.

- Consecuencias da intimidación para a vítima (absentismo escolar, diminución do rendemento académico, repercusións emocionais e físicas, etc.)
- Con observadores non participantes. Trátase de recoller información de aqueles compañeiros/as que coñecen os feitos pero que nunca se involucraron activamente neles.

Especialmente interesa coñecer:

1. Frecuencia coa que se produce o acoso.
 2. Tipo de acoso.
 3. Lugar onde se produce.
 4. Sentimento de seguridade que ten o alumnado no Centro.
 - Como se indica con anterioridade, ao realizar estas entrevistas compre sinalar o carácter confidencial das mesmas e, en todo caso, garantir o anonimato do alumnado con relación ás informacións que aporte.
- Co/a presunto/a agresor/a ou agresores/as.
- Dentro do posible, a primeira entrevista realizarase inmediatamente despois de concluír a reunión cos seus pais. Pedirase ao alumno/a que informe sobre os feitos que están sucedendo ao alumno/a supostamente acosado/a, e se contrastará a súa versión cos datos coñecidos.

Si é necesario ao longo do proceso, a Xefatura de Estudos, á solicitude do/a titor/a ou persoa en quen delegase, poderá recoller asesoramento doutros órganos da Administración competente en Educación.

Unha vez rematadas as entrevistas, o/a titor/a ou persoa encargada de realizar o proceso, realizará un breve informe sobre os datos mais relevantes da situación denunciada e o trasladará a Dirección. Esta, en función da información aportada, decidirá se procede a incoación de expediente disciplinario ao/a alumno/a ou alumnos/as agresores/as.

Neste caso o instrutor, antes de finalizar o expediente, poderá pedir ao alumno/a acosador/a que propoña e adopte compromisos co fin de que cese a situación de acoso, repare moralmente ao/a acosado/a e colabore co profesorado na erradicación deste tipo de comportamentos.

A actitude e compromiso do/a alumno/a ante estas propostas poderase ter en conta á hora de determinar a medida correctiva que corresponda.

A Dirección, confirmada a situación de acoso e considerando o informe do/a titor/a ou persoa en quen se delegase, seguindo o exposto na Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa, Art. 30.4, comunicará á situación de acoso escolar á inspección educativa, xunto coas medidas que se adopten para poñer fin as mesmas.

No caso de condutas de especial gravidade, informarase da situación e das medidas aos servizos sociais do Concello de Carballo, aos servizos especializados do departamento competente en materia de benestar e, se é o caso, á Fiscalía de Menores para facilitar as medidas que lles corresponda adoptar nos seus respectivos ámbitos competenciais.

A Dirección, unha vez decidida a incoación de expediente disciplinario, informará por escrito dos feitos á Fiscalía correspondente. Igualmente a Dirección, ao comunicar a incoación de expediente disciplinario á Concellería de Educación, xuntará unha copia da información recollida nos (Anexo II-Cuestionario de convivencia escolar no Centro), e dos escritos contemplados no epígrafe anterior.

8.5 Actuacións posteriores cos implicados nas situacións de acoso

Unha vez verificada a situación de acoso, e iniciadas as medidas correctoras ao abeiro da Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa, a Dirección adoptará as medidas necesarias para paliar os seus efectos negativos e evitar a reprodución de situacións similares. A estes efectos disporá que se leven a cabo actuacións coa vítima, agresor/a ou agresores/as e observadores/as.

- Actuacións coa vítima:

5. O/a titor/a, ou persoa que se designe asesorará ao alumnado para que adopte condutas de afrontamento axeitadas ante aquelas situacións conflitivas que, con anterioridade, concluíron nunha situación de acoso. Na instauración destas pautas contarase coa colaboración dos pais/nais ou titores legais.

6. O profesorado, coordinado polo titor/a, introducirá actuacións enfocadas a ampliar e fortalecer o círculo de relacións da vítima. Estas medidas levaranse a cabo coa adecuada discreción para evitar que a situación persoal da vítima sexa comentada diante de todo o alumnado.

7. No caso de que se observe que o alumno/a está especialmente afectado dende o punto de vista psicolóxico, a Dirección do Centro recomendará á familia que sexa atendido/a polos servizos externos pertinentes.

- Actuacións co agresor/a ou agresores/as:

8. Como complemento ás accións correctoras ás que houbera lugar, segundo o disposto na Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa o/a titor/a adoptará as medidas necesarias para favorecer a integración do/a agresor/a ou agresores/as no grupo respectando os intereses e dereitos dos demais.

9. En caso necesario, a Dirección do Centro poderá recomendar á familia que o/a alumno/a sexa atendido por apoios externos (especialistas sanitarios, servizos sociais, etc)

- Actuacións cos observadores:

– O titor/a realizará actividades co grupo para que o alumnado saiba cómo actuar ante diferentes situacións de acoso. Especialmente incidirase sobre:

– Modo de reprobar as condutas de acoso.

– Modo de mostrar apoio á vítima.

– Procedemento para illar ao agresor/a cando se comporte de modo inadecuado.

– Procedemento para denunciar as agresións.

8.6 Actuacións de seguimento e avaliación

A Dirección manterá informado ao Consello Escolar das situacións detectadas e das actuacións adoptadas, sen prexuízo da información que debe ser facilitada.

A Comisión de Convivencia, realizará o seguimento dos compromisos e das pautas de actuación adoptados co alumnado e coas familias.

O Consello Escolar avaliará a eficacia das medidas correctivas e orientadoras adoptadas.

9. Anexos do Plan de Convivencia

ANEXO I - Acordos da comisión de convivencia

Nome do Alumno/a	
Especialidade e titor/a no Centro	

Feitos ou condutas imputadas

Acordos acadados

Medidas de corrección

En Carballo a de do 20

Os/as membros da Comisión de Convivencia

Conforme alumno/a (no caso de menores de idade pai/nai ou titor legal).

ANEXO II - Cuestionario de convivencia no Centro

Cuestionario para ser cuberto polo profesorado, o alumnado e o persoal non docente, para logo comparar as distintas visións e articular medidas integrais de mellora da convivencia.

Como valora os seguintes aspectos da convivencia no seu Centro?

Valoración global da convivencia: segundo a seguinte escala valorativa:
1 (moi malo), 2 (malo), 3 (regular), 4 (normal), 5 (bo), 6 (moi bo), 7 (excelente)

O clima de traballo e as relacións entre o profesorado	1	2	3	4	5	6	7
As relacións co Equipo Directivo	1	2	3	4	5	6	7
As relacións do profesorado co alumnado	1	2	3	4	5	6	7
As relacións do alumnado co profesorado	1	2	3	4	5	6	7
As relacións entre o alumnado	1	2	3	4	5	6	7
As relacións das familias co profesorado	1	2	3	4	5	6	7
As relacións do persoal non docente co resto da comunidade educativa	1	2	3	4	5	6	7
As relacións da comunidade educativa co contorno escolar	1	2	3	4	5	6	7
As relacións do Centro cos servizos sociosanitarios	1	2	3	4	5	6	7
As relacións coa Administración educativa	1	2	3	4	5	6	7

Os conflitos que se producen con máis frecuencia son:

1 (nunca), 2 (moi pouco), 3 (pouco), 4 (algunhas veces), 5 (bastantes veces), 6 (moitas veces), 7 (sempre).

Entre profesorado e o Equipo Directivo	1	2	3	4	5	6	7
Entre profesorado	1	2	3	4	5	6	7
Entre profesorado e alumnado	1	2	3	4	5	6	7
Entre alumnado	1	2	3	4	5	6	7
Entre profesorado e Pais/Nais ou titores	1	2	3	4	5	6	7
Entre o Centro escolar e a administración educativa	1	2	3	4	5	6	7
Entre o Centro escolar e o concello	1	2	3	4	5	6	7
En relación co persoal non docente	1	2	3	4	5	6	7

Cales dos seguintes conflitos se teñen producido con máis frecuencia no Centro nos últimos anos?

1 (nunca), 2 (moi pouco), 3 (pouco), 4 (algunhas veces), 5 (bastantes veces), 6 (moitas veces), 7 (sempre).

Agresións verbais entre alumnado	1	2	3	4	5	6	7
Agresións físicas entre alumnado	1	2	3	4	5	6	7
Agresións verbais de profesorado a alumnado	1	2	3	4	5	6	7
Agresións físicas de profesorado a alumnado	1	2	3	4	5	6	7
Agresións verbais de alumnado a profesorado	1	2	3	4	5	6	7
Agresións físicas de alumnado a profesorado	1	2	3	4	5	6	7
Agresións verbais de profesorado a pais/nais ou titores	1	2	3	4	5	6	7
Agresións físicas de profesorado a pais/nais ou titores	1	2	3	4	5	6	7
Agresións verbais de pais/nais ou titores a profesorado	1	2	3	4	5	6	7
Agresións físicas de pais/nais ou titores a profesorado	1	2	3	4	5	6	7
Intimidación e acoso entre alumnado	1	2	3	4	5	6	7
Problemas entre o profesorado	1	2	3	4	5	6	7
Vandalismo ou deterioro grave nas cousas	1	2	3	4	5	6	7
Roubos	1	2	3	4	5	6	7
Problemas co consumo de drogas	1	2	3	4	5	6	7
Condutas disruptivas nas aulas (interromper a clase)	1	2	3	4	5	6	7
Indisciplina (insultos, malas contestacións, falta respecto)	1	2	3	4	5	6	7
Acoso sexual	1	2	3	4	5	6	7
Absentismo e abandono das ensinanzas	1	2	3	4	5	6	7

Na súa opinión, cales das seguintes iniciativas serían útiles para mellorar a convivencia no Centro?

1 (nada), 2 (moi pouco), 3 (pouco), 4 (algo), 5 (bastante), 6 (moito), 7(moitísimo ou a que máis)

Reforzar a disciplina no Centro	1	2	3	4	5	6	7
Consensuar normas entre alumnado e profesorado	1	2	3	4	5	6	7
Favorecer o traballo cooperativo entre o alumnado	1	2	3	4	5	6	7
Unificar os criterios de actuación entre o profesorado	1	2	3	4	5	6	7
Darlle máis participación ás familias na xestión do Centro	1	2	3	4	5	6	7
Colaborar cos servizos sociais, de saúde e asociacións	1	2	3	4	5	6	7
Mellorar as condicións de traballo do profesorado	1	2	3	4	5	6	7
Facer grupos de alumnado máis reducidos	1	2	3	4	5	6	7
Mellorar os recursos do Centro educativo	1	2	3	4	5	6	7
Formar ao profesorado sobre resolución de conflitos	1	2	3	4	5	6	7
Facer grupos de mediación en conflitos nos Centros	1	2	3	4	5	6	7
Adaptar o currículo ás necesidades do alumnado	1	2	3	4	5	6	7
Utilizar unha metodoloxía máis activa e participativa	1	2	3	4	5	6	7
Utilizar un estilo docente respectuoso e positivo	1	2	3	4	5	6	7